

ct

República Sideral


A fantástica historia real da independencia tot-aal da Illa D'Arousa


de
Esther F. Carrodegua

(fragmento en galego)

A folga xeral

*NALGÚN LUGAR DA ILLA DAROUSA
7 OUTUBRO 1934. ATARDECIDA*



*De fondo, vese unha conserveira botando fume 
O PAXARIÑO, O TORMENTAS e O REDIÓS están a pescar tranquilamente
Entra o Armadanzas Principal: O BUÁ*

O REDIÓS

Merdre!

Ai o ven!

O PAXARIÑO

Quen?

O REDIÓS

O Armadanzas ese!

O PAXARIÑO

Emocionado, pode case arranca a voar, conténdose

Ai o ven!

Ai o ven!

O BUÁ

♪ ♪ Asem-blea!

♪ ♪ Asem-blea!

O REDIÓS

Rediós!

O TORMENTAS

*Érguese. Hai un **ESTRONDO**. Faise o silencio*

Deixádelle falar antes de rosmar!

O BUÁ

A día de hoxe

Que non de mañá

Comunico este comunicado:

Pausa para xerar tensión...

Hai que ir á folga!

O REDIÓS

Que folga?

O BUÁ

A que temos que organizar

TODOS

Ahhhhhhhhhhhhhhhh

O REDIÓS

E que folga é esa?

O BUÁ

Unha nova

De paquete

Do trinqu

O PAXARIÑO

Emocionado, pode voar un pouco

Que ben!!!!!!!

O REDIÓS

De que trinqu?

O BUÁ

Do retrinqu!

O REDIÓS

Canta claro!

De onde ven!

O BUÁ

De onde ven o que?

O REDIÓS

A folga

De onde ven?

O BUÁ

Dasturias!

O PAXARIÑO

♪ ♪ ♪ Asturias! ♪ ♪ ♪

♪ ♪ ♪ Patria querida-aaaaaa!!!! ♪ ♪ ♪

O TORMENTAS

*Érguese. Hai un **ESTRONDO***

Os Dasturias están en folga?

O BUÁ

Están!

O REDIÓS

Todos?

O BUÁ

Todos-Todos non

O REDIÓS

Os da esquerda ou os da dereita?

O BUÁ

Como van estar en folga os da dereita!?

Cómo van estar os da dereita

Cos cazolos na rúa!?

O TORMENTAS

*Érguese. Hai un **ESTRONDO** un pouco máis grande*

Os Dasturias están en folga!?

O BUÁ

Os da esquerda, si!

O REDIÓS

Que esquerda?

A do espectador?

O BUÁ

A esquerda toda

O REDIÓS

Iso non o cre ninguén

Se vai a esquerda do espectador

Non pode ir a outra!!!

O TORMENTAS

*Érguese. Hai un **ESTRONDO** aínda máis grande. Queda en pé.*

OS DASTURIAS ESTÁN EN FOLGA!?

O BUÁ

SI

Os mineiros da esquerda da minería esquerdista de Asturias:

Están en folga

O TORMENTAS
POIS SE ESTÁN ELES NOS TAMÉN!!!!

O BUÁ
Enfurrñado
Iso era o que eu quería dicir!

O PAXARIÑO
Voando
♪ ♪ Fol-ga!
♪ ♪ Fol-ga!

O REDIÓS
E por que se supón
Que facemos unha folga
Nós?

O BUÁ
Pois por
Por-por-por
Polos nosos dereitos!

O PAXARIÑO
Emocionado
Ah!
Temos dereitos?

O Tormentas move o cu, hai outro ♫ ESTRONDO ♫
O Paxariño cae ao seu sitio

O TORMENTAS
Deberiamos de telos!

O PAXARIÑO
Soñador. Case case arranca a voar
Que bonito sería...
Ter dereitos...

O BUÁ
A público
Dereitos esquerdos
Por suposto!

O PAXARIÑO
Soñador
Que bonito sería...
Ter dereitos esquerdos...

O BUÁ

Entón que:

Apoiades a folga...

Ou non apoiades a folga?